

# Regulamento do Proxecto Fin de Carreira

## Escola Técnica Superior de Arquitectura

O Título de Arquitecto representa a plenitude da titulación na orde profesional para o exercicio da profesión correspondente, tanto na esfera privada coma na pública, de acordo cos dereitos, atribucións e prerrogativas que as disposicións legais establezan, así como para o acceso aos estudos de doutoramento.

### 1.- CONCEPTO

1.1.- O proxecto fin de carreira é a proba na que se sintetizan os coñecementos adquiridos polo alumno durante os estudos de Arquitectura, aplicados á redacción dun traballo de investigación concretado nun proxecto de nivel profesional, entendido como un proxecto completo de arquitectura que aborda de forma integrada todas as áreas de coñecemento profesional con concreción suficiente para permitir o seu desenvolvemento executivo. A súa superación levará á obtención do grao de arquitecto/a.

1.2.- O desenvolvemento do curso do proxecto fin de carreira realizarase baixo a dirección dun profesor coordinador das áreas de coñecemento de Proxectos Arquitectónicos e Urbanismo durante o último curso de carreira.

1.3.- Con independencia da constitución do tribunal establecido de acordo co apartado 6 deste regulamento, estimularase a participación, unicamente para efectos informativos, de observadores designados pola Conferencia de Escolas de Arquitectura de España, nos actos cualificadores destes proxectos.

1.4.- Así mesmo, a Dirección da Escola Técnica Superior de Arquitectura da Coruña publicará unha mostra significativa dos proxectos fin de carreira presentados en cada convocatoria, comprendendo casos de todos os niveis de cualificación positiva concedidos.

### 2.- O RÉXIME DE ESTUDIOS

2.1.- Para poder desenvolver o proxecto fin de carreira os alumnos deberán formalizar a súa matrícula. Non se poderá realizar a entrega da documentación, tanto do proxecto básico coma do proxecto final, nin efectuar a exposición do proxecto fin de carreira, sen que se aprobaran previamente a totalidade das restantes materias necesarias que establece o plan de estudos para acceder á titulación.

### **3.- OS ÓRGANOS DE DOCENCIA**

3.1.- Profesores asignados ao proxecto fin de carreira: Cada departamento, das áreas de coñecemento ás que está adscrito o proxecto fin de carreira, debe asignar a este o número de profesores que dentro das súas posibilidades lectivas estime oportuno para a súa atención. Como mínimo haberá un profesor por área de coñecemento.

3.2.- A comisión permanente nomeará ao coordinador entre os profesores das áreas de coñecemento de Proxectos Arquitectónicos e Urbanismo.

3.3.- Funcións do coordinador:

- a. Organizar as clases de seminario do proxecto fin de carreira.
- b. Fixar as datas de presentación dos proxectos fin de carreira en cada curso académico, tanto no que se refire á entrega do proxecto básico coma da documentación definitiva. Estas datas deberanse publicar antes do primeiro de xullo do curso anterior.
- c. Remitir os proxectos fin de carreira en cada convocatoria aos presidentes dos respectivos tribunais.

### **4.- OS ALUMNOS**

4.1.- Os alumnos realizarán o seu proxecto fin de carreira en réxime de escolaridade para garantir a asistencia e o seguimento na elaboración deste.

### **5.- A ORGANIZACIÓN DA DOCENCIA**

5.1.- Docencia

Anualmente e en función dos alumnos matriculados no proxecto fin de carreira, a dirección da escola fará o encargo de docencia aos departamentos para cubrir os tribunais, asesorías e titorías. Este encargo farase de xeito proporcionado ao número de profesores arquitectos que pertencen a cada departamento e a súa carga lectiva.

Os departamentos incluirán no seu POD a docencia do proxecto fin de carreira e, en función desta, propoñerán un mínimo de profesores arquitectos que garanta a composición dos tribunais e estruturarán o reparto da docencia garantindo o mínimo de profesores necesarios para cubrir as asesorías e a tutela dos alumnos.

Os departamentos publicarán no taboleiro de anuncios unha relación de profesores dispoñibles candidatos a titores, asesores e tribunais.

A dirección da ETSA velará polo cumprimento das obrigas docentes nos tribunais, asesorías e titorías en cada unha das convocatorias do proxecto fin de carreira.

5.2.- Temas

Durante o mes de xuño, o coordinador presentará e desenvolverá os contidos dos temas do proxecto fin de carreira (dous como mínimo) a docencia dos cales deberá desenvolverse durante o seguinte curso académico. A documentación correspondente deberá estar dispoñible para os alumnos o día 1 de xullo. A vixencia de cada tema para a súa elección e entrega do proxecto básico será dun curso académico. A duración total do proxecto fin de carreira para a súa entrega definitiva será de dous cursos académicos como máximo, salvo situacións excepcionais que valorará a Comisión Permanente logo de informe favorable do titor. Excepcionalmente poderase escoller outro tema diferente dos propostos polo coordinador, que aprobará a comisión permanente por proposta do coordinador.

### 5.3.- Titorías

Todos os alumnos do proxecto fin de carreira terán un profesor titor. (O período de tutela efectiva no poderá ser inferior a catro meses).

Funcións do titor:

- a. Asesorar ao alumno ao longo do desenvolvemento do proxecto fin de carreira.
- b. Establecer, de acordo co alumno e cos profesores asesores, que parte do proxecto será obxecto do desenvolvemento a nivel de execución, facéndoo constar no informe ao tribunal.
- c. Velar pola autoría do proxecto fin de carreira.
- d. Remitir informe ao tribunal sobre o proxecto do alumno.
- e. Atender as aclaracións solicitadas polo tribunal sobre os proxectos tutelados por el.

Poderán ser titores todos os profesores arquitectos da Escola Técnica Superior de Arquitectura da Coruña. Tamén poderán ser titores outros arquitectos que polo seu recoñecemento académico ou profesional teñan a aprobación do coordinador do proxecto fin de carreira-comisión permanente.

Todos os profesores arquitectos da escola asumirán as titorías do proxecto fin de carreira, sempre que non teñan cuberta a súa dedicación. A negativa a aceptar as titorías deberá ser debidamente xustificada.

### 5.4.- Valoración do proxecto básico

Os alumnos poderán presentar, sempre con carácter voluntario, un proxecto básico que deberán achegar cun informe do titor para a súa valoración previa. A tales efectos, existirán dúas convocatorias, en marzo e setembro dese curso académico. En relación coas normas de presentación, estarase ao disposto no anexo de documentación que se xunta a este regulamento.

A valoración de dita documentación recaerá sobre unha comisión cun máximo de catro membros, seleccionados pola comisión permanente de entre os tribunais, e que incluírá preferentemente aos seus presidentes e aos docentes do Departamento de Proxectos Arquitectónicos e Urbanismo. Desta sesión redactarase a correspondente acta.

Unha avaliación positiva nesta fase será vinculante para o tribunal definitivo, nos aspectos analizados pola comisión.

5.5.- O proxecto fin de carreira, na súa documentación definitiva, remitirase ao tribunal correspondente achegando un informe do titor no que se reflicten convenientemente o seguimento efectuado, as posibles incidencias que tiveran lugar, e todos aqueles aspectos que se estimen relevantes de cara á súa cualificación.

## 6.- O TRIBUNAL

### 6.1.- Composición dos tribunais.

Cada tribunal constará de catro membros, todos eles arquitectos e docentes cunha adecuada solvencia profesional e académica. Preferentemente, o presidente pertencerá ao Departamento de Proxectos Arquitectónicos e Urbanismo e dos restantes membros, a lo menos dous deles serán das áreas tecnolóxicas.

Cada membro do tribunal terá o seu correspondente suplente.

6.2.- *O número de tribunais establecerase en función do número de alumnos presentados, nunha relación aproximada de 30 alumnos por tribunal.*

6.3.- A Comisión Permanente será a encargada da designación dos tribunais, elixindo ao seus membros de entre as propostas facilitadas polos distintos departamentos, e por proposta da Dirección da Escola Técnica Superior de Arquitectura. O nomeamento será válido durante dous anos académicos.

6.4.- A Comisión Permanente, na mesma sesión referida no punto anterior, nomeará os correspondentes presidentes e secretarios dos tribunais, igualmente por proposta da dirección do centro.

6.5.- Os profesores asignados á docencia da materia do proxecto fin de carreira, ou que se encarguen da titoría dalgún dos proxectos presentados, non poderán formar parte dos tribunais no que figuren os seus alumnos.

6.6.- Os tribunais do proxecto fin de carreira entenderanse constituídos coa asistencia de polo menos tres dos seus membros. Poderán pedir os informes que consideren necesarios, usando os medios de que dispoña a Escola Técnica Superior de Arquitectura, e cualificarán os proxectos conforme o estipulado no apartado 7.5 do presente regulamento. Os acordos deberanse tomar coa maioría dos membros presentes. No caso de empate, farase valer o voto de calidade do presidente.

## **7.- AS PROBAS DO PROXECTO FIN DE CARREIRA**

7.1.- En cada curso académico fixaranse dúas convocatorias para a entrega do proxecto básico e tantas datas de presentación do proxecto definitivo como estableza a normativa académica vixente.

7.2.- Unha vez realizada a entrega do proxecto fin de carreira, os secretarios dos distintos tribunais establecerán as datas da correspondente exposición pública.

7.3.- A sesión pública da proba consistirá na exposición por parte do alumno ao grao de arquitecto/a do proxecto realizado. Entre a entrega do proxecto e a sesión pública non poderá transcorrer máis dun mes.

7.4.- Unha vez terminada a exposición, os membros do tribunal poderán solicitar ao alumno as aclaracións que estimen oportunas.

7.5.- O tribunal correspondente, en sesión secreta, cualificará ao aspirante coa nota de matrícula de honra, sobresaliente, notable, aprobado ou suspenso, engadindo a cualificación numérica. Esta nota constará na acta e incorporárase ao expediente do alumno. Coa acta elaborárase o correspondente informe das cualificacións suspensas emitidas.

No caso de que se observaran deficiencias corrixibles no proxecto fin de carreira, este deberase entregar, coas modificacións oportunas, nunha convocatoria posterior, sen exceder o prazo doutro ano, salvo situacións excepcionais que valorará o tribunal correspondente.

## **8.- RÉXIME TRANSITORIO**

O réxime transitorio de aplicación do presente documento será elaborado pola Comisión Permanente, unha vez aprobado o regulamento polos órganos correspondentes da universidade.

Regulamento aprobado pola Xunta de Escola, na súa sesión extraordinaria realizada o día 26 de febreiro de 2003 e ratificado polo Consello de Goberno da Universidade, na súa sesión ordinaria realizada o día 3 de abril de 2003.

## **ANEXO I DOCUMENTACIÓN DO PROXECTO FIN DE CARREIRA**

Na totalidade da documentación a entregar valorarase a claridade, precisión e concisión na presentación do proxecto.

### **PROXECTO BÁSICO**

Entregaranse dous paneis en tamaño DIN A-1 nos que se defina a totalidade do proxecto. Ditos paneis incluírán toda a documentación, incluso unha pequena memoria. Non se poderá presentar maqueta aínda que, dentro dos paneis, permítese a inclusión de fotografías de maquetas.

Achegaranse igualmente, catro copias dos paneis en tamaño reducido DIN A-3.

### **ENTREGA DEFINITIVA**

#### **PLANOS**

##### Urbanización

- Emprazamento e situación, onde se explique a relación co lugar, cos seus elementos importantes, así como os servizos urbanísticos existentes.
- Urbanización proposta. Planta e seccións necesarias.

##### Edificación

- Plantas
- Seccións
- Alzados
- Maqueta
- Fotografías ou perspectivas
  
- Cotas e superficies
- Acabados, memoria de carpintería
  
- Solucións constructivas propostas, xerais e detalle.
  
- Planos estruturas xerais a nivel de predimensionados.
- Planos estruturas a nivel de proxecto de execución da zona a desenvolver.
- Planos cimentación e saneamento. Detalles.
  
- Planos esquemas instalacións
  
- Xustificación normativa básica
- Xustificación normativa específica tema.

## MEMORIA

- Cadro de superficies útiles e construídas
- Xustificación ideas e criterios do proxecto
- Descritiva da solución adoptada
- Criterios solución estrutura
- Anexo de cálculo dunha parte significativa
- Criterios e solución constructiva, acabados
- Criterios elección e deseño instalacións
- Anexo cálculo instalacións dunha parte significativa

Avance presuposto

Prego de condicións e medición dunha partida de acabados con presuposto e estudio dun prezo descomposto.

Con vistas a unha posible publicación dos traballos, entregarase o día da defensa en soporte informático que conterá un resumo significativo do proxecto para ser impreso en tamaño DIN A-3 apaisado.

**ANEXO II**  
**DATAS DE ENTREGA E DEFENSA DO PROXECTO FIN DE CARREIRA**

Antes do 1 de xullo, o coordinador fixará as datas de entrega para o próximo curso académico dentro dos seguintes límites:

**Proxecto básico**

Tanto na convocatoria de marzo coma na de setembro, a entrega será na última semana de ditos meses.

**Proxecto definitivo**

Nas convocatorias extraordinaria de febreiro e ordinarias de xuño e setembro, a entrega da documentación efectuarase na primeira semana dos meses indicados e a defensa realizarase na última semana dos mesmos meses.

Na convocatoria fin de carreira a entrega será na primeira semana do mes de decembro e a defensa na terceira semana de dito mes.